

Editor

Xosé María Álvarez Blázquez tiña un grande interese en axudar a divulgar a literatura en lingua galega que se escribía neses anos pola pluma de autores e autoras xa coñecidos naquela altura, como Manuel María, Xohana Torres, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Xosé Neira Vilas, entre outros, mais tamén apostaba porque os galegos e as galegas puidesen ler as obras dos grandes clásicos da nosa literatura, como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez, así como a literatura dos grandes escritores en lingua estranxeira traducida ao galego, entre eles, Molière.

Para conseguir este obxectivo, fundou dúas editoriais: Monterrey (1950) e Castrelos (1964), dedicadas á publicación de libros galegos, nunha época na que apenas existían libros editados na nosa lingua.

Dentro da editorial Monterrey, creou dúas coleccións moi importantes: a colección Pombal e O Moucho, libros do pobo para o pobo. Con estas coleccións conseguiu converter a literatura galega en literatura de masas e fomentar unha cultura viva, ínzada de lectores, pois lograronse tiraxes de libros que alcanzaban máis dos tres mil exemplares.

A literatura galega culta existe desde o século XII, malia non ser divulgada nas súas orixes por medio de editoriais, pois ata o século XV Gutenberg non descubriría a imprenta, unha máquina verdadeiramente revolucionaria que permitiu reproducir libros con gran rapidez.

Nos séculos XII, XIII e XIV, os amanuenses escribían directamente sobre pergameos de coiro as cantigas medievais que compoñían os trobadores en galego-portugués. Os escribáns, que na súa maioría eran monxes e pertencían á minoría social alfabetizada, dedicaban a súa vida de retiro nos mosteiros a orar e a copiar libros encargados polos reis e pola nobreza. Facer unha copia dun só libro podíalles levar anos, mais grazas ao labor que os copistas realizaron recompilando máis de 1.500 cantigas nos diferentes cancioneiros, hoxe podemos coñecer a literatura medieval galega.

O autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas era un gran coñecedor desta literatura e chegou mesmo a compoñer unha obra: *Cancioeiro de Monfero*, feita a semellanza dos cancioneiros medievais.

Hoxe en día, en Galicia, hai moitas empresas editoriais: Xerais, Galaxia, A Nosa Terra, Bahía, Espiral Maior, Ir Indo, Sotelo Blanco, Positivas, Laiovento, Edicións do Castro, Do Cumio, Rínoceronte, etc., que publican máis de mil títulos novos cada ano.

A nosa cultura, actualmente, destaca no eido da literatura infantil e xuvenil. Ademais de termos moi bos escritores e escritoras, temos tamén editoras como Kalandraka, OQO, ou Factoría K que publican libros en galego, mais tamén en moitas outras linguas do mundo.